

FIUNCHOS E FADAS NA CARBALLEIRA

Xisela era unha rapaza de doce anos, á que lle encantaba a natureza. Defendía a tope o medio ambiente. Vivía nunha casa de madeira preto dunha carballeira. A súa familia labraba as terras e traballaba co gando. Tiñan vacas de leite, de carne, ovellas, galiñas, un can chamado Trosqui, o cabalo Lóstregho, porcos celtas (que sacaban un touciño exquisito), un pavo real e mesmo unhas ocas insoportablemente berronas.

Non gañaban moitos cartos, pero vivían felices. E o máis importante, sabían o que comían.

Xisela tamén tiña irmáns. O menor, de oito anos, é Anxo (aínda que en realidade compórtase coma un demo pequeno). A súa irmá maior é Maica, de vinte, que non molesta demasiado porque o tempo que non estuda para a carreira de Veterinaria, pásao chateando co seu mozo Xoel.

Na súa casa pasaban case todo o día por fóra (sempre había que facer). Agás nos duros días de inverno, nos que se estaba moi ben ao lado da lareira comendo filloas.

Xisela adoitaba ir a unha carballeira que se atopaba preto. Alí podía estar tranquila sen que ninguén a molestase. Tiña un carballo preferido, o máis grande e vello do lugar. Nel subíase a unha póla non moi alta, case horizontal e súper forte.

Unha solleira mañá do mes de xullo, chegou a este recuncho de paz, acomodouse na súa rama e púxose a lero seu libro de ciencia ficción. Aquel día levará tamén o teléfono e buscou música. Cando xa lera bastantes páxinas, notou que prendía no sono e deixouse ir. As Tanxugueiras soaban a todo meter, pero a soneca estáballe prestando moi ben.

Non durmira nin media hora cando oíu uns ruídos estraños que proviñan do interior da carballeira. Adentróuse e seguía escoitando voces. Avanzou outro pouco e o único que viu raro foi unha flor de toxo moito máis grande do habitual. A planta deu un brinco e presentouse:

- Boas! Eu son a toxo Rosalía – dixo a chorima con voz alegre.

Xisela quedara un pouco mareada ao escoitar falar a unha planta .

- As plantas non falan! Estareino soñando; seguro que esperto de contado - pensou intentando convencerse de que o que lle sucedera non pertencía á realidade.

- Non soñas, muller! As plantas somos seres vivos coma vós. Mesmo algunhas son máis intelixentes- replicou enfadada.

A rapaza A-LU-CI-NA-BA!

- Ahh... Pois eu son Xisela- susurrou.

- Ben o sei. Non che dixen que as plantas somos moi intelixentes?

- Pois... terás razón. O que ti digas – aceptou Xisela.

- Bueno, deixémonos de leria. Vouche contar por que te atraín ata aquí.

- Dime, veña! Abofé que estou desexando sabelo!
 - Os humanos teñen pensado talar todas as árbores da carballeira. Precisámoste para que nos axudes a sobrevivir.
 - Un momento, as demais plantas tamén falan coma ti?
 - Non me cambies de tema! Non ves que o que che digo é importante?!
 - Perdoa, perdoa. Continúa, por favor.
 - Preciso que atopes á fada Fiuncha. Ela pode facer un feitizo para evitar que os madeireiros entren aquí.
 - Ah, pero... non sei onde está esa fada.
 - Ti tranquila, xa a atoparás.
- Sen que Xisela se decatase, a toxo marchou.
- Pero... A onde foi esta? Será mala herba!Marchar sen despedirse...!
- Xisela volveu onde o carballo, colleu o seu libro e o móbil e regresou á casa. Cando chegou, eran xa case as dúas do mediodía. Deixou as cousas na súa habitación e comezou a cavilar naquela nova amiga-toxo. Meteu as mans no peto e notou algo estraño. Era unha folla de castiñeiro cun mapa debuxado. Alí aparecía sinalada a súa casa. Fixouse máis e viu que no plano había un pasadizo secreto xusto detrás da palleira. Correu ata alí e seguiu o camiño indicado. O corazón latexáballe a mil por hora. Entrou nunha pequena pradeira chea de margaridas e viu unha hortensia altísima, cuns pendentes moi longos e gafas de sol.
- Que fas no meu Reino Metafito? Como chegaches aquí? Ningún humano coñece este camiño.
 - A min non me berres, eh!
 - Eu fáloche como me dea a gana. Son a Raíña do Bosque. Antes era a Fada Fiuncha, pero hai uns meses ascendéronme. Agora teño que traballar algo máis, pero fliparías co meu súper soldo!
 - Ah, pois daquela é a ti a quen estou buscando. Mándame a toxo Rosalía.
 - Buenooo! E que quere agora esa langrana?
 - Como falas así dela?!
 - Nada, nada. É que tivemos un problemiña hai un tempo.
 - Logo que vos pasou, se se pode saber?
 - Moi curiosa es, non?
 - A ver, vasmе dicir o que vos pasou ou non?
 - Nada importante. Eu estaba saíndo co meu mozo o Fiucho Xacobe e apareceu a laretas esa, díxolle que ulía moi ben e... foise con ela! Un mes antes da data que tiñamos para casar! Pero xa o superei, eh! Que lles dean moitos picores de estruga aos dous! E que se rasquen ben!
 - Vale, vale. Xa me quedou claro que non sodes moi amigas. Pero estou aquí por algo de vida ou morte.
 - E logo?

- Os madeireiros teñen pensado entrar no monte e talar todas as árbores. A toxo Rosalía dixo que ti o podías impedir. Mencionou algo sobre un feitizo para que ninguén entre na carballeira ou algo así...

- Penso que serei quen de detelos. Pero para preparar a pócema máxica preciso aceite de xirasol e ter a luz prendida moito tempo. E co caras que están esas cousas... vaiche custar moito!

- Pero eu non teño cartos! E Rosalía non me deu nada!

- Era broma, muller! Xa teño na casa todo o que me fai falla.

- Ai, que ben! Que medo me metiches!

- Agarda aquí. Volvo en 5 minutiños.

A rapaza non se moveu do sitio. Por momentos, pensaba que todo aquilo non podía estar sucedendo. Xamais tería imaxinado semellante aventura!

Axiña regresou a Raíña Hortensia, ou Fada Fiuncha ou como se chamase. Traía unha botelliña de cristal de cor morada na man. Entregoulla a Xisela e díxolle:

- Pulveriza este líquido na entrada da carballeira. Con iso será suficiente.

- E iso vai conseguir algo?

- Despois de que o botes, poderás comprobar que, se alguén intenta entrar no monte con máquinas, tractores, motoserras, desbrozadoras, machados ou algo similar, vai ser incapaz de avanzar.

- Estás segura diso?

- Absolutamente. Un enxame de avespas asasinas inmenso aparecerá no ceo e quitarálle as ganas de avanzar a calquera que leve a idea de agredir ás árbores da carballeira.

- Perfecto! Un feixe de grazas, amiga fada!

- Non se merecen. É o meu traballo. Pero mellor chámame raíña, oíches?

A rapaza fixo o que lle prometera á Raíña Hortensia. E naquela carballeira ningún humano puido entrar xamais a cortar ningunha árbore.

Así, a Toxo Rosalía vive tranquila e desfruta da música das Tanxugueiras sen ningún tipo de medo cada vez que a súa amiga Xisela vai ler ao seu carballo preferido.